dunha vez e aposten polos productos galegos. A Conselleira que non tivo éxito apagando lumes... que se implique nisto e remata dicindo que non lles interesa o medio rural e o sector, máis o turista.

Intervén en representación de Son Viveiro, como integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez para dicir que vai votar en contra, xa que non considera apropiado que veñan con isto cando están no goberno e non fan nada.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que medidas sí que hai, e que non abundan pode ser certo. Fai referencia ás medidas a curto prazo, como axilizar os trámites da axudas da PAC, reunirse coas entidades financieras para préstamos beneficiosos para os gandeiros. A medio prazo medidas específicas do Plan de Desenrolo Rural 2015- 2020, acordo en Colexios Públicos para consumo de leite galego... Engade que ó P.P. de Viveiro sí que lle importa o sector e votan a favor desta noción e da anterior (a favor do sector lácteo, non do PP, polo que di que non entende a postura manifestada polo resto de grupos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Manuel Galdo Dopico para dicir que se houberse a mínima dúbida de apoiando está noción se apoiaba ó sector lácteo, apoiáranse, pero entende que non vale para nada. Manifesta que él é un gran defensor do rural, pero o P.P. non, e entende que defendería mal ó sector se apoiara esta noción.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación desta moción con 4 votos a favor, correspondentes ó grupo do P.P., 3 votos en contra, correspondentes ós grupos do B.N.G. e ó concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto e 7 abstencións, correspondentes ó grupo do P.S.O.E., do seguinte xeito:

Primeiro: Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) a auspiciar da INLAC (Organización Interprofesional Láctea) a inclusión da representación de produtos transformadores e distribución, en tanto que é necesario que as tres partes estean presentes e coordinadas para garantir a estabilidade do sector.

Segundo: Solicitar da INLAC a trasladar ás partes da cadea do sector lácteo a necesidade de garantir unha axeitada construción de prezos e un adecuado equilibrio entre a oferta e a demanda na cadea de transformación do sector lácteo, tal é como se recolle na normativa vixente.

Terceiro: Instar ás organizacións agrarias e ás OPL a desenvolver as facultades outorgadas na normativa en toda a súa intensidade para impulsar a sinatura de contratos colectivos que establezan un aproveitamento do recollido no Real Decreto 125/2015 en canto á garantía de continuidade no tempo da recollida da produción e mantemento e referenciación de prezos, de xeito que os contratos lácteos reflectan a calidade do leite galego e se traslade a plasmación legal do demandado polas propias organizacións agrarias.

Cuarto: Seguir desenvolvendo as medidas axeitadas para que os gandeiros galegos que neste momento reciben un prezo inferior polo leite e que contén cuns custes de produción superiores podan mellorar a súa competitividade e garantir a súa sostibilidade.

Quinto: Trasladar estas propostas ás Administracións, Ministerio, Xunta e Comisión Europea e demais membros da cadea, para que, mediante as reunións pertinentes, se podan facer realidade estes acordos.”



10.- MOCIÓN DE SON VIVEIRO SOLICITANDO A DEROGACIÓN DA LEI RACIONALIZACIÓN E SOSTENIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, que procede á lectura da moción, que en resumo di que o 31 de xaneiro de 2013 entrou en vigor a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local. En marzo de 2014 o alcalde de Barcelona presentou ante o Tribunal Constitucional conflito en defensa da autonomía local. En maio de 2014 o Presidente do Consello de Estado remitiu dictame sinalando que existen fundamentos xurídicos suficientes para que os municipios interesados consideren conflito en defensa da autonomía local en relación a varios artigos da LBRL na redacción dada pola referida norma. A norma recorrida, aprobada soamente polo P.P. modifica competencias de réxime local sen contar coa administración local, que nalgúns casos ten competencias exclusivas nesta materia. Esta lei supón a demolición do modelo de xestión pública que se iniciou en España cos concellos democráticos dende 1.979, e que supuxo un avance no desenrolo do país. É inaceptable o poder que se outorga ás deputacións provinciais, cando en realidade son meros instrumentos de poder nas mans dos partidos políticos, sendo incomprensible a súa existencia neste Estado de Autonomías, e eliminar as deputacións provinciais non quere dicir a supresión das súas competencias, nin despido dos seus empregados, senón a súa transferencia ás Comunidades Autónomas, co que se racionalizaría a prestación de servizos públicos ós cidadáns. Esta lei supón o desmantelamento da referencia máis próxima á cidadanía, provocando a tutela e control das deputacións sobre a administración local, vinculación do custo efectivo dos servizos, estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira como único patrón de medida, a aparición do convenio de fusión entre concellos, desapoderamento e valeirado de competencias, subsidiariedade e imposibilidade “de facto” da iniciativa pública, establecemento de mecanismos de axuste e redimensionamento sobre o persoal, usurpación do debate público e acordo no pleno par a aprobación de asuntos importantes como os orzamentos, polo que propón ó Pleno da Corporación solicitar a derogación da referida norma e a implantación dunha proposta de traballo para a reforma local que analice e reflexione sobre a suficiencia financeira e autonomía política, a cidade como base do desenrolo económico e dun novo modeloproductivo e a reforma do modelo de Estado, dando traslado destes acordos ó Presidente do Goberno e ós Grupos Parlamentarios.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que o seu grupo vai votar a favor, que no seu momento o P.S.O.E. xa mostrou o seu desacordo con esta norma, e que o anterior alcalde xa participou en manifestacións na súa contra, liderando o P.S.O.E. o recurso ante o Tribunal Constitucional, xa que converte ós Concellos en meras oficinas de trámite.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que se plantexa derogar unha lei de ámbito estatal. Indica que para o PP é unha lei fundamental que contribúe a mellora, que na actualidade hai superávit en conxunto, cando había déficit. Nas últimas poxas incluso nos pagan pola débeda. Sinala que o conxunto das entidades locais dan mostra da gran responsabilidade. Apunta que o que piden é voltar ó descontrol anterior cando se endebedaban sin control.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G , D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo está de acordo, que o BNG xa se posicionou neste pleno sobre ete asunto e di que non



está demais recordarlo e esperan que con algún cambio no parlamento español esto se modifique, porque a aprobou o PP por barrido. Engade que aquí tamén hai que traer estes debates.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose a aprobación da moción con 10 votos a favor correspondentes ós grupos do PSOE, BNG, e ó concelleiro de Son Viveiro integrante do Grupo Mixto, e 4 votos en contra correspondentes ó grupo do P.P., do seguinte xeito:

1.- Solicitar a derogación inmediata da Lei 27/2013, de 27 de decembro, para a Racionalización e Sostibilidade da administración local.

2.- Solicitar a implantación dunha proposta de traballo para a reforma local que analice y reflexione sobre os seguintes aspectos:

- Suficiencia financeira e autonomía política.
- A cidade como base do desenvolvemento económico e dun novo modelo productivo.
- Reforma del modelo de Estado.

3.- Destes acordos darase traslado ao Presidente do Goberno e a todos os Grupos Parlamentarios das Cortes Xerais.

11. MOCIÓN DE SO VIVEIRO SOBRE INSTALACIÓN DEPORTIVAS Ó AIRE LIBRE.

Intervén o Concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, D. Víctor Marcial Miranda Gómez, que procede á lectura da moción, que en resumo di que Viveiro conta cunha escaseza de instalacións deportiva ó aire libre, debendo ser a actividade deportiva un apartado preferente na política municipal por moitas razóns. Na actualidade a mocidade que desexa practicar un deporte ó aire libre salata ás instalacións pechadas, tratándose de recintos ós que por exemplo non podería acceder unha ambulancia de ser preciso. A Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria conta cunhas instalacións polideportivas ó aire libre que nas horas non lectivas están pechadas, polo que considera que o concelleiro de deportes ten un reto difícil: chegar a un acordo con esa consellería para solucionar a falta de instalacións deportivas no concello, polo que propón ó Pleno que a Alcaldía se dirixa á Consellería referida para buscar un acordo que posibilite abrir as súas instalacións en horario non lectivo, e por outro lado que se empece a estudar a aposibilidade de habilitar unhas instalacións ó aire libre, nun lugar cercano ó Casco Histórico.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que o seu grupo vai votar a favor, xa que van votar a favor de todo o que se sexa mellorar e ampliar as instalacións. Sinala que cada vez hai máis veciños que demandan esta actividade, e fai un recordatorio de todas as obras coas que conta o Concello, indicando que dende o 2003 o Concello conta con diversidade de parques infantís, mencionando os seguintes:

Area, Atalaia, Lavandeiras, Lodeiro, Paseo Marítimo, Parquemar, Paseo Misericordia. Menciona tamén os seguintes Parques biosaludables: Celeiro, Paseo Marítimo Covas, ubicándose en cada un dos núcleos de poboación. Sinala como pistas deportivas as seguintes: Pista deportiva Atalaia Celeiro (circuito deportivo), Lodeiro, Parquemar, Vieiro, Pista deportiva de Magazos, Campo de fútbol de Cembedo e de Galdo. Como polideportivos sinala o polideportivo Lois Tobio ou o polideportivo Municipal. Manifesta que sí hai instalacións deportivas aínda que cada vez se demanden máis. Di que se propoña entón un sitio no caso que se poda facer outra instalación. Indica



así mesmo que o concelleiro de deportes está agora co Club deportivo de baloncesto para ubicar unha pista 3x3 nesta zona. Conclúe que non é certo que haxa escasez.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o seu grupo está a favor dos dous asuntos que propón. Di que Viveiro antes do 2003 tiña instalacións, casi as de agora. Engade que se lle dixo por parte do equipo de goberno a Adrián que se lle ían facilitar os seus entrenamentos, polo que supoñen que habería pistas de atletismo. Fai referencia a un megaproxecto do 2003 que se quedou en nada, que se decía que estaba moi ben, pero non se chegou a realizar nada. Engade que van votar a favor. Manifesta que a alcaldesa se pasou un pouco respecto a todo o que fixo o goberno do PSOE do 2003 porque moito do que se dixo xa se fixo antes (pabellóns...).

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G , D. Bernardo Fraga Galdo, dicindo que algo tamén se fixo por parte do BNG, e piden celeridade para as pistas de atletismo en Celeiro, buscando equilibrio coa celebración nas mesmas do Resurrection Fest. Engade que cerca do entorno tamén están as pistas do Casino, que se atopan infrutilizadas e están cerca do Casco Histórico.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para matizar que o céspede de herba artificial de Cambedo fíxose sendo alcalde Melchor Roel. Engade que respecto ó dito, parte do que se fixo foi coa colaboración da Xunta e Deputación. Dille ó grupo do P.P. que se se preocupan por esas pistas se teñens contactos tamén podían colaborar como a Deputación durante 8 anos.

Non existindo máis debate acórdase, por unanimidade, a aprobación da moción presentada, do seguinte xeito:

- Que esta Alcaldía se dirixa á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para buscar un acordo que se posibilite poder abrir as súas instalacións en horario non lectivo e tamén nos periodos vacacionais, para realizar actividades deportivas en boas condicións e sen riscos.
- Que se empece a estudar a posibilidade de habilitar unhas instalacións ao aire libre, nun lugar cercano ao casco histórico, que cubran as demandas de ocio da mocidade de Viveiro, como por exemplo, unha pista única de baloncesto ou unha zona onde poder facer monopatinaxe con garantías e sen perigo para os demais viandantes.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

A.- PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 18/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.323):

1º) O grupo municipal do PP fixo un rogo nun Pleno –hai máis de dous anos-, no que solicitaba a colocación de pasos de peóns na Praza de Lugo para acceder á mesma. Esta é unha zona de ocio na que ademais hai uns contenedores soterrados, polo que o acceso debería de facerse coas máximas condicións de seguridade para os peóns, máis agora se cabe co novo plan de tráfico. Por todo esto lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa;



- Cal é o motivo polo que a día de hoxe non hai ningún paso de peóns nesta zona da rotonda da Praza de Lugo.
- Vaise a colocar algún paso de peóns nesta zona?.
- En caso afirmativo, cando e en que zona da rotonda pensan facelo?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que na modificación do plan de tráfico contemplábanse estes pasos. Quedaron en suspenso e xa está previsto que cando se poda se faga.

2º) Son moitos os veciños e comerciantes que se teñen dirixido a nós, como seguramente tamén se terán dirixido ó Goberno Local, pedindo que se pinte de novo o paso de peóns da Avenida de Galicia fronte á Praza de Abastos –donde estaba anteriormente-. Observamos como diariamente son moitas as personas que atravesan a estradas por este punto, co conseguinte risco para eles e os propios conductores. Por este motivo lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- Ten pensado o equipo de goberno volver a restituir dito paso de peóns?
- En caso afirmativo, cando pensan facelo?. De non ser así, cales serían as razóns que impedirían volver a pintalo neste lugar?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se algunha persona atravesa por un sitio inadecuado non é cousa do Concello. O plan de tráfico contemplaba os semáforos, mantendo a filosofía deste Concello. Éste vaise á altura de movistar, atendendo á demanda dos comerciantes. Di que colocalo fronte á praza de abastos volvería ó problema de tráfico.

Engade que se vai iniciar a obra de Avda. de Cervantes, que se pospuxo a setembro por petición dos comerciantes.

3º) Existe un gran malestar entre os comerciantes e veciños do Casco Histórico pola suciedade que provoca a abundante presenza de gaivotas –sobre todo as súas deposicións-. Hai uns anos, por parte do Concello, fixérase unha recollida e retirada de niños e ovos destas aves por Protección Civil. Por isto PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- Teñen pensado adoptar a curto ou medio prazo, algunha medida para erradicar estes problemas causados polas gaivotas.
- En caso afirmativo, en que consistirían ditas medidas?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a delegación de Medio Ambiente transmite que non se lles pode facer dano. Debe dirixirse ó concello e darlle traslado a Medio Ambiente. Non se permite eliminar os niños de forma xeral. Darase traslado á Consellería deste punto.

4º) Segundo a prensa máis de 90 niños de avespas velutinas foron retirados por un apicultor desta comarca, dende xuño, de varios Concellos da Mariña. Calculan os expertos que so nos concellos de Xove, Cervo e Viveiro podería haber máis de 5.000 niños, A Mariña é unha das tres zonas de Gali-



cia de influencia destas avespas asiáticas polo que significa un problema, pois por todo isto lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- Ten o Concello persoal para localizar os niños nas zonas do Concello?.
- Hai colaboración con outros concellos afectados e ca Administración Autonómica para tratar de solucionar este máis que posible problema?.
- Hai previsión a curto prazo, para adoptar unhas medidas e un control máis exhaustivos para tratar de eliminar no máximo posible esta plaga de avespas?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que coincide en que é un problema que lles preocupa. Este problema excede ó ámbito local, e sería absurdo eliminala só en Viveiro. A Consellería en 2014 avisou que non se fíxese con persoal municipal, faino a Xunta. No 2014 constatouse que o persoal era insuficiente. Di que pediu colaboración aínda que cobraba a empresa Transatec. Hoxe o 012 funciona só de luns a venres. Se veñen retirar un niño e hai outro próximo non o retiran. Dirixíronse ós responsables do Medio Rural e dende o Concello retiráronse con persoal de protección civil e cando dende a Xunta non podían acceder, fíxose con outra empresa, tamén houbo reunións cos concellos limítrofes.

5º) Varios veciños téñense dirixido a nós nestas datas preguntándonos porque están cerrados os aseos públicos do Templete dos xardíns Noriega Varela, máxime nesta época de bo tempo onde son moitas as persoas que fan uso do espazo dos xardíns- o noso grupo xa se interesara por este asunto en plenos de 2008 e 2009-. Por este motivo lle PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- Cales son os motivos polo que estes servizos leven tanto tempo cerrados?.
- Teñen pensado abrílos ó público?.
- En caso afirmativo, cando pensan facelo?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que ata agora cando un veciño querían usalos pedían as chaves ó que ten a concesión do posto no templete. Estiveron pechados porque a empresa cesou na súa actividade. Terase pendente para o futuro.

6º) O 24 de outubro de 2014 incouselle un expediente de execución a unha edificación na rúa Rosalía de Castro, nº 67, por razóns de seguridade e entre algunha das deficiencias sinaladas aludíase a existencia de pedras de gran tamaño que presentaban perigo de caída ó vial público. Hai uns días noutra edificación do Casco Histórico, concretamente na Avda. Navia Castrillón nº 9 atopabamos outra vivenda que presentaba múltiples defectos que debían ser subsanados. Por estes motivos PREGUNTAMOS á Sra. Alcaldesa:

- En que situación se encontran, a día de hoxe, os expedientes de ambas edificacións?.
- Cantas edificacións do Casco Histórico lle constan ós técnicos da Oficina de rehabilitación que están en malas condicións?.
- A cantos destes propietarios se lle comunicou para que reparasen ditas deficiencias?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se fai un seguimento pola oficina de rehabilitación en colaboración con urbanismo. Di que ó día seguinte se vai reunir co equipo técnico para valorar eses requerimentos e engade que quen ten unha propiedade ter obriga de mantela en boas condicións.



Sinala que non ten inconveniente en dar un listado a todos os voceiros de todos os requerimentos sempre que a lei de protección de datos o permita.

B.- ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 31/08/2015 (Nº REXISTRO: 5.922):

Dende o ano 2003, data na que accederon ao goberno municipal de Viveiro os socialistas, non se ten volto a tocar o himno de España no acto de izado das bandeiras que da inicio as nosas festas patronais, interpretándose so o himno Galego.

O Partido Popular tense interesado para desbloquear este tema e que se interpretase o himno de España xunto co himno de Galicia, tanto a través dunha moción presentada no pleno de 1 de agosto de 2013 – votada a favor polo noso grupo e por iVi -, así como a través de diferentes notas de prensa. Ata a data as nosas peticións caeron en saco roto, pero dado que iniciamos un novo mandato temos a esperanza de que con esta nova petición a Sra. Alcaldesa non so deixe de lado a súa cabezonería, senón que dado que é un acto oficial co izado das enseñas, e tal e como indica o Real Decreto 1560/1997 entendemos que se sería obrigatoria a interpretación dos dous himnos.

É unha pena que todos aqueles veciños que nos sentimos tan galegos coma españois, xunto con todas aquelas persoas que nos visitan doutras partes de España se nos prive de escoitar, xunto co himno da nosa comunidade, o himno que nos representa a todos, o himno de España.

Por este motivo ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que a partir deste ano volten a soar no inicio das nosas Festas Patronais os dous himnos que nos representan, tanto como galegos como españois.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que foi presentada o 31 de Xullo. Lóxicamente non se tocou. Di que non vai entrar no tema, que hai problemas máis importantes.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que este problema é facilmente solucionable. Outros ó mellor non. Pero este non acaban de entendela, é algo que nos une, somos españois e galegos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o equipo de goberno non ve problema algún, que pode haber discrepancias pero non é un problema.

C) PREGUNTAS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 08/07/2015 (Nº REXISTRO: 5.190):

Varios veciños da zona de Xunqueira e Verxeles dirixíronse ao noso grupo, para mostrarnos o seu malestar polos graves inconvenientes que lles orixinan os continuos cortes no subministro de auga. Esta circunstancia non é nova, xa que se ven repetindo dende hai uns anos, sen que ata a data se lle teña dado unha solución definitiva.

Sinalan os veciños, que no mes de xuño se produciron tres reventóns –os días 5, 25 e 29-, e no mes de xullo o día 5 á noite e o día 6 ao mediodía. Estes cortes, que nalgúns casos se prolongan durante varias horas, como por exemplo o 25 de xuño dende as 18 h. ata as 4 da madrugada ou o día 29 do



mesmo mes, dende as 23,45 ata ás 14 horas, limitan totalmente a realización das accións cotiás e prodúcenlles unha situación de indefensión difícil de asumir.

Por todo isto lle preguntamos á Sra. Alcaldesa:

1. É consciente dos graves prexuízos e molestias que estas continuas roturas lle orixinan aos veciños e empresarios desta zona?, sobre todo naquelas casas onde viven nenos e persoas maiores que necesitan atencións especiais.
2. Ten pensado descontarlles na factura da auga a parte proporcional polos días que non puideron dispor deste servizo?.
3. Por que non se aproveitou para meter a canalización da auga cando se fixeron as obras da acometida do gas?.
4. Cando teñen pensado darlle unha solución definitiva a este vello problema?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que vai unir esta pregunta coa do B.N.G. sobre cortes de auga e xa contesta as dúas xuntas, transcribíndose, a continuación as preguntas formuladas polo BNG en data **07/07/2015 (Nº DE REXISTRO 5.166):**

“Veciñas e veciños da zona de Verxeles e da zona de Magazos sufriron tres cortes de auga nos últimos dez días, algún deles de varias horas.

¿A que se debe esta situación? ¿Cales foron as medidas adoptadas polo goberno municipal para solucionar de inmediato esta situación?.”

Manifesta, a Sra. Alcaldesa, que son conscientes, e dende hai anos invirten moito diñeiro en mellorar a rede. A rúa principal do casco inundábase..., queda moito por facer pero fíxose moito. Sostituíuse a rede de auga e alcantarillado separándoas. Entre Landrove e Chavín hoxe finalizouse (2 km. e medio de tubería). Manifesta que o problema dos que viven entre Verxeles e Xunqueira tamén se arranxou. Os quedan ó camino vello seguían afectados. Dende o Camiño Vello ata Landrove supón un custo de cerca de un millón de euros, e sen axuda non se pode, por iso non se cambiou cando o gas. Non pode facerse este desconto, cobra Viagua non o Concello.

D) ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 28/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.557):

1º) Facéndonos eco das demandas de varios veciños que visitan habitualmente o areal da praia de Area e que nos manifestaron que na rúa que baixa dende a Igrexa hacia o areal, no primeiro ramal á esquerda, atópase un gran desnivel que pon en perigo tanto ós peóns como ós vehículos que chegan a tocar nos baixos coa rúa, feito que xa lle teñen comunicado ó Concello dendo o comezo do verán, sen que a día de hoxe se lle teña dado solución, facéndose cada vez máis grande. Por este motivo é polo que lle ROGAMOS ó equipo de Goberno tome as medidas oportunas para subsanar o problema á maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o concelleiro de obras di que non tiña coñecemento disto.



Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D^a. Belinda Bermúdez Otero, para dicir que ela o manifestou en xullo e que o arquitecto Santiago Meitín tamén o sabe, que lle foi transmitido, e que tamén o sabe o concelleiro Sr. Gueimunde, engadindo que os coches tocan alí.

E.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 18/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.324):

1º) Nunha das entradas de vehículos ó supermercado Gadis de Viveiro (antiga saída enfronte ó edificio de Correos) con beirarrúas a ambos lados, non hai paso de peóns, polo que representa un perigo para os viandantes, por eso ROGAMOS que os técnicos do Concello ou a Policía Local elaboren un informe para a súa posible colocación.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se comunicou xa ó xefe de policía local para que elabore ese informe.

2º) O Aparcamento situado entre o edificio da Cruz Vermella e o CEP Lois Tobío, ó inicio da Avda. Martín Ledesma, presenta un firme moi deteriorado, cheo de fochancas, motivo polo que ROGAMOS ó equipo de Goberno que dado o inminente inicio do curso, proceda, a maior brevidade posible, ó seu bacheado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este recinto non pertence ó Concello senón á Cruz Vermella. Di que se reunirán o venres da semana próxima co xefe da Cruz Vermella.

3º) Últimamente estanse producindo unha serie de caídas e pequenos accidentes nalgúns tramos do Paseo do Río Landro, en concreto no pavimento de madeira, debido ó deterioro nalgunhas das tablillas que o conforman. Tamén observamos desde hai tempo que nas catro pontes, desde o barrio das Aceas ata pasar o campo da festa de Xunqueira, sucede que na unión das planchas de pedra con estas pontes hai un desnivel nalgunhas de ata 5 cms. O que ten provocado, tanto para os viandantes como ós ciclistas, varias caídas. Por estes motivos ROGAMOS ó equipo de Goberno que proceda a súa reparación para evitar tanto os mencionados accidentes, como o mal aspecto antes sinalado.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que as táboas no paseo xa están aranaxadas. Tragsa ten pendentes actuacións na zona, baixou con maquinaria de gran tonelaxe.

4º) Na Ponte Romana da Misericordia os barrotes de ferro forxado están oxidados, así como as súas barandillas moi deterioradas, principalmente a da marxe esquerda Viveiro-Misericordia con rupturas nalgunhas zonas. Este mal estado dos elementos mencionados pode entrañar serios riscos para os usuarios da ponte, en especial para os nenos e nenas que diariamente a cruzan para ir os colexios. Por este motivo ROGAMOS ó equipo de Goberno que se tomen as medidas oportunas para solucionar esta problemática.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que son conscientes, que o seu arranxo é unha das actuacións prioritarias pendentes e xa se comprou material para sustituíla.

5º) Na beirarrúa da avenida Cantarrana á altura da vivenda nº 32, esquina coa rúa Mondoñedo está rota unha baldosa, así como a falta dalgúns terrazos na zona do paseo marítimo Viveiro-Covas na zona do Cembedo fronte ó campo de fútbol, co conseguinte risco de accidentes para viandantes e ciclistas. Por eso ROGAMOS ó equipo de Goberno que se proceda á súa reparación.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se repuxeron as baldosas no paseo marítimo. De forma continuada rómpese todo tipo de material público. Mentres si se esixe a súa reparación non é habitual a condena ó bandalista

6º) Na recién reparada rúa de acceso o antigo Colexio de Covas e, na parte que aínda non está reparada, os veciños queixanse do exceso de velocidade coa que transitan algúns vehículos ó paso pola mencionada rúa. Por este motivo ROGAMOS ó equipo de Goberno que se adopten as medidas necesarias para o control destas velocidades excesivas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa se lle comunicará á policía Municipal.

7º) Na estrada LU-540, entre Viveiro-Magazos, no Barrio de Fondón, á beira da vivenda nº 5 e mesmo enfrente do acceso á Igrexa, dentro da parroquia de Magazos, falta o espello retrovisor de seguridade vial existente, ata hai uns meses. Por este motivo ROGAMOS se repoña dito espello retrovisor, á maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que xa está dada a orde, colocarse cando se poda.

F.- ROGOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 29/07/2015 (Nº REXISTRO: 5.818):

1º) Os canóns dos Xardíns Noriega Varela atópanse nun lamentable estado de abandono, dando unha mala imaxe da nosa cidade, o cal é unha pena sobre todo nas datas que nos encontramos, nas que nos visitan moitos turistas. Adxuntamos fotografías para corroborar dito estado. Por esta razón rogamos á Sra. Alcaldesa que adopte as medidas oportunas para mellorar o seu aspecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que hoxe xa están arranxados e que dende que se celebrou o bicentenario expuxéronse preto de conservatorio. Os desperfectos xa foron solventados (causados polo paso do tempo e bandalismo).

2ª) Facéndonos eco das demandas de moitos veciños que viven na Rúa Alonso Pérez, que nos levan manifestando durante os últimos anos o mal estado do firme de dita rúa, feito que xa lle teñen comunicado ao Concello en numerosas ocasións. O Concello acostuma a tapar as fochancas de forma pouco axeitada, xa que aos poucos días volven a aparecer facéndose cada vez máis grandes. Para que o poidan comprobar adxuntamos fotografías do mal estado actual de dita rúa. Por esta razón rogamos á Sra. Alcaldesa adopte as medidas necesarias para a súa reparación.

É polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que se proceda á pavimentación e adementamento da Rúa Alonso Pérez de forma definitiva e duradeira e adementen os canóns na maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o persoal municipal tápaas de forma adecuada e aparecen a miúdo porque non hai recollida de augas pluviais e subsolo. Arranxaranse cando se poda.

G- ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 23/07/2015 (Nº REXISTRO: 5.688):



1º) Facéndonos eco das demandas de varios veciños que viven no Camiño Real de Celeiro (dende a Igrexa ata a Casanova) e que nos manifestaron que están sen contenedores, feito que xa lle teñen comunicado ao Concello, é polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa a colocación dos mencionados contenedores neste lugar á maior brevidade posible.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Concelleiro de Medio Ambiente non recibiu notificación e a empresa Cespa di que non está contemplada na recollida esa rúa.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., Dª. Belinda Bermúdez Otero, para dicir que os veciños dixeron que viñeran ó concello e presentaran escritos. Din que é un entorpecemento.

H.- ROGO PRESENTADO POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO EN DATA 05/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.622):

Varios veciños e veciñas nos expresaron o seu descontento pola falta de espazo público para aparcadoiro nas vías públicas, motivado en ocasións á reserva de vaos para entrada de vehículos en garaxes, usando en ocasións a picaresca de pagar pola placa de vao o abono do mesmo durante dous ou tres anos, para posteriormente dar de baixa e seguir facendo uso do vao, valéndose da presenza da placa identificativa.

Así mesmo son utilizadas como aparcadoiro privado, zonas de carga e descarga ou prazas reservadas para minusválidos, en ocasións fronte as súas vivendas, que durante o resto da xornada permanecen ocupadas.

Por estes motivos ROGAMOS que por parte desta Alcaldía se lle encargue a tarefa á Policía Local un informe detallado da cantidade de placas identificativas de vao existentes, para posteriormente contrastar coa recadación anual dos mesmos, así como a vixilancia de determinadas prazas para minusválidos empregadas como aparcadoiro privado gran parte da xornada por familiares dos mesmos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se está intentando arranxar. Non nega, que haxa picaresca, pero di que dende fai bastante tempo cando se dá a baixa ésta queda supeditada en tesourería á entrega da placa.

I) PREGUNTA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO EN DATA 31/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.623):

O día 28 de xullo de 1989, nun Pleno Ordinario do Concello de Viveiro, foi aprobado Convenio cas Comunidades de Montes, polas que se comprometían cada unha das partes a aportar o 50% das obras realizadas nas respectivas parroquias.

Debido ao esforzo presupostario que representaba para as arcas municipais igualar a capacidade económica das Comunidades, en Pleno celebrado o día 30 de outubro de 2013, foi anulado o citado Convenio.



A partir desa data, a situación foi revertendo chegando á situación actual na que é o Concello quen fai fronte ao mentemento de servizos e obras que antes eran compartidas.

A aportación das Comunidades de Montes foi diminuindo e para que sirva de exemplo, a parroquia de Galdo, presidida polo exconcelleiro socialista D. Vicente Hermida, no 2013 fixo unicamente un investimento en obras por valor de 266 €, destinados á limpeza das fontes parroquiais e no pasado exercicio 393,25€, para o mesmo fin, dándose o paradoxo de que esta mesma Comunidade aproba para este 2015 unha partida de 10.000 € para unha actuación de carácter privado.

¿Pensa a Sra. Alcaldesa endereitar esta situación implicando ás Comunidades de Montes nas obras comunitarias?

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o equipo de goberno trata de colaborar cos veciños de todas as parroquias, e díq ue é un tema que se vai mirar. Xa se reuniron con algunha comunidade para facer obras conxuntas. O concelleiro de Medio Rural reunirase con cada unha para darlle unha resposta máis exhaustiva nun próximo pleno.

J.- PREGUNTAS E ROGO PRESENTADOS POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO EN DATA 31/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.621):

Á vista de que en abril do 2015, O Parlamento De Galicia, aprobou instar á Xunta de Galicia a declarar o ano 2016 como Ano das Irmandades da Fala e de que a aprobación desa medida se fixo por unanimidade das catro forzas políticas representadas na primeira institución da nosa Comunidade. Por tanto, SON VIVEIRO dirixese ao equipo de goberno no Concello de Viveiro para formularlle as seguintes PREGUNTAS:

1.- ¿Fixéronse xestións para que Viveiro estea representado e participe directamente das actividades a realizar durante o Ano das Irmandades da Fala, fundadas polos insignes veciños Ramón e Antón Vilar Ponte?

2.- Dado o protagonismo de Viveiro na fundación e na vida das Irmandades, e dada a relevancia que na actualidade teñen varias personalidades deste concello na investigación e estudo do patrimonio xerado directa ou indirectamente polas Irmandades, ¿Fixo o goberno municipal algunha planificación tendente a articular un programa de actividades en consonancia coa importancia da efêride para Viveiro, a Mariña e Galicia enteira?

Aproveitando o uso da palabra, facemos tamén neste sentido un ROGO ao conxunto da Corporación:

- Solicitamos a disposición de todos os grupos, con independencia das iniciativas que desexe poñer en marcha o goberno municipal, para consensuar unha celebración institucional a incluír dentro do calendario xeral impulsado por outras entidades sociais repartidas polo conxunto da xeografía galega. Naturalmente, poñemos a disposición de todos para programar e dar contido a ese evento.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que teñen intención de celebrarla e se puxeron en contacto co cronista oficial. Estudiarase a posibilidade de facer conferencias... ademais das iniciativas particulares. Di que se poñerán en contacto coa Xunta para adherirse a isto. Manifesta que están a favor de elaborar un plan.

K) PREGUNTA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO EN DATA 21/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.426):

A recollida de nenos/as que as distintas empresas realizaron no colexio de Galdo durante o pasado curso foi, cando menos, que caótica.

Tal vez esta Alcaldía non tivera coñecemento de primeira man, debido a que a asistencia do representante deste Concello nas xuntanzas do Consello Escolar foi case nula, comportamento que agardamos non repita o novo representante.

Un integrante da nosa candidatura expresou ao anterior Concelleiro responsable de Seguridade Cidadá, o Sr. Gueimunde, a súa preocupación polo perigo que entrañaba o estacionamento dos autobuses na estrada, sen sinalización e obstruíndo totalmente un carril nunha zona sen ningunha visibilidade.

A proposta do noso compañeiro de desprazar algún membro da Policía Municipal ou Protección Civil non foi atendida co conseguinte perigo, tanto para alumnos como para o tráfico en xeral. Afortunadamente durante o pasado exercicio non se rexistraron incidentes graves, pero iso non quita que o perigo e o risco sigan ahí.

Se o lugar de recollida dos alumnos/as non se efectúa e o cambio do percorrido dos autobuses non pode levarse a cabo ¿qué medida pensa tomar a Sra. Alcaldesa para arranxar esta situación?.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que a maior parte dos seus concelleiros non teñen dedicación exclusiva e non piden acudir ó consello escolar porque compaxinan os seus traballos. O anterior era Cal e todos coñecemos a súa disposición. Moitas veces porque non se pode. Ningún director de colexio pode dicir que non se atenderon dúbidas. O concelleiro Carlos Gueimunde estivo nese sitio xunto cao policía. Aplicouse a pista e púxose sinal de prohibición para que non baixasen os coches, porase en marcha e pintárase un sinal de prohibido continuar (só permitido a autobuses) en Galdo no colexio para que haxa seguridade.

L) ROGO PRESENTADO POLO CONCELLEIRO DE SON VIVEIRO EN DATA 20/08/2015 (Nº REXISTRO: 6.425):

Polo Camiño Vello, un gran número de peóns que viven nesa zona acoden a diario, en época escolar, con nenos e nenas a un colexio de educación infantil e primaria, atravesando un camiño que leva o nome de rúa Alonso Pérez, e que ten, entre outras, as seguintes deficiencias:

Non existe alumeado desde os xulgados ata o transformador eléctrico próximo á capela de Malates, nun tramo de máis de cen metros.

En fronte á citada capela, esta colocada unha reixa entre a parte asfaltada e a sen arranxar nun desnivel que provoca o rozamento nos fondos da maioría dos vehículos que por alí circulan.



Seguidamente, a poucos metros, na ponte do ferrocarril, hai un oco sen valo que parece invitar a seguir de fronte e precipitarse polo barranco.

A estrada é moi estreita e carece de beirarrúas, co conseguinte risco para a seguridade peonil, atópase en mal estado e soporta un tráfico moi intenso, frecuentado nalgunhas ocasións por vehículos que circulan a unha velocidade maior da debida.

Os buratos son difíciles de cuantificar, máis exacto resulta dicir que hai algúns metros que conservan o alcatrán.

Ademáis destas carencias, non podemos esquecer que neste tramo hai continuas roturas na rede de traída de augas cos conseguintes problemas que estas provocan: verteduras das mesmas, empeoramento do estado do firme, cortes de tráfico, etc.

Na saída cara a Xunqueira, á dereita, existe un tramo sen protección, nunha zona moi estreita,; trátase duns bloques rotos que lle serven de amparo a unha vivenda e que levan provocado a corte de máis dun neumático.

Por todo isto, rogamos que, á maior brevidade posible, esta Alcaldía leve a cabo as actuacións necesarias para arranxar esta desfeita, que provoca unha marxinación e un aumento da perigosidade de tránsito por este vial, tanto para peóns como para os conductores e as conductoras dos numerosos vehículos que a diario o padecen.

A este escrito, acompañano catorce fotografías.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o camiño vello ten insuficiencia insalvables. Sí hai alumeado, bacheouse regularmente. É palpable a situación do camiño vello. Puxéronse quitamedos.

Finalmente cédelle a palabra ó tenente de Alcalde, o Concelleiro de Medio Ambiente referente á aparición de vertidos en Covas sobre os que aínda non hai resultados.

Intervén o concelleiro de Medio Ambiente, Jesús Fernández Cal para dicir que o sábado 29 de agosto, áscinco da tarde alértase sobre a presenza de augas fecais na zona de baño. Os socorristas pecharon a praia ó baño. Avisouse a Viaqua e revisados os pozos de bombeo e a EDAR din que está todo normal. Ó baixar a marea quedaron mostras e o olor era como a grasa. A través do 112 contactouse con Seprona e Vertidos de Augas de Galicia, e veu a unidade de Seprona de Vilalba e recolleron mostras. O domingo o persoal de limpeza de praias limpárona. Ata o momento non hai resultados. Indica que onte e hoxe apareceu algo pero cada vez máis hacia a zona de Castelos. Sinala que cando sepa os resultados os farán públicos e ó mellor é o momento de que Augas de Galicia recorde o proxecto de ampliación da EDAR e o emisario.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22:25 horas do día 2 de setembro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.